

FAI OIR A TÚA VOZ NA XXA DO BBVA: DELEGA O TEU VOTO EN CCOO

A Xunta Xeral de Accionistas (XXA) celébrase en Bilbao o próximo 11 de marzo. **CCOO** interviremos como cada ano, para defender os intereses dos traballadores e as traballadoras de BBVA en todos os seus aspectos (**Emprego, Igualdade, Conciliación, Retribucións-Incentivos, achega fixa Plan de Pensións e Responsabilidade Social**). Publicaremos puntualmente a nosa intervención na nosa Web e no Portal Sindical.

CCOO situámonos do seguinte modo, en relación coa orde do día:

O voto en contra do punto segundo, apartado 2.2, 2.3 e 2.4 sobre a ratificación do nomeamento do Conselleiro Delegado e o nomeamento dos dous conselleiros independentes, polas excesivas remuneracións percibidas polo primeiro e pola falta de vontade de incorporación de mulleres no Consello, que permitan alcanzar o obxectivo marcado no Código Unificado de bo goberno: 30% de conselleiras nas sociedades españolas.

O voto en contra do punto cuarto, polo que se propón a prórroga do sistema de retribución con entrega diferida en accións para os conselleiros non executivos, ao cesamento do exercicio do seu mandato e que supoñen o 20% da retribución fixa que perciben.

O voto en contra do punto quinto, polo que se propón a reelección do Auditor, con 13 anos ininterrompidos traballando para BBVA e o seu grupo, que na nosa opinión debería cumprir co espírito da Lei de Auditoría, que establece 10 anos, cun período de transición.

O voto en contra do punto sétimo, sobre a votación consultiva do Informe Anual sobre Remuneracións dos conselleiros de BBVA que son excesivas e cada vez xeran unha brecha máis profunda cos salarios medios dos traballadores de BBVA.

Nosa abstención nos puntos 1.3, (Aprobación da xestión social durante o exercicio 2015), 2.1 (Reelección do Presidente), e os puntos 3.1 a 3.4 (Aumento do Capital social con cargo a Reservas).

Como delegar as túas accións a CCOO?

Se queres que a túa opinión conste na Xunta, podes facelo a través de **CCOO BBVA, DELEGANDO as túas accións**. Confíre a representación, no apartado do Cartón para o efecto, á nosa Secretaria Xeral **ISABEL GIL DELGADO**, con instrucións de votar “**segundo estime oportuno en cada punto da orde do día**”.



Para que a Delegación sexa válida debes:

- **DESTRUIR O CARTÓN DE VOTO A DISTANCIA**, e
- **Enviarnos o cartón de Delegación** asinada a CCOO BBVA-Oficina 2100-Gran Capitán, 5-Córdoba. Código de Valixa 02100
- Por suposto, se tes máis de 500 accións correspóndeches, en todo caso, retirar o Obsequio, sen Ningunha diferenza respecto das delegacións en branco que son a favor de todas as propostas do Consello. Se tes menos de 500 accións ou non recibiches a delegación, podes pedir o Cartón de agrupación ou duplicado en calquera Oficina ou accedendo a:
Escenario Operativo/Accionistas/Duplicado de formularios, introduce o teu NIF e fai clic en ‘buscar’, finalmente pulsa sobre [Im.asis./agrupa.]. Ante calquera incidencia, chámanos ou escribe un correo electrónico a bbvaccoo@servicios.ccoo.es

Que a túa opinión non quede no caixón. Delega as túas accións a CCOO.

Achegamos solucións, melloramos os teus dereitos.

Febreiro 2016